

OH CANADA

Paul Schrader, 2024

1435


ESTREA EN NUMAX: 27.12.2024 | V.O.S.G. | +12 | 95 min

Un afamado documentalista canadense concede unha última entrevista a un dos seus antigos alumnos para lle contar toda a verdade sobre a súa vida. Unha confesión filmada diante da súa muller.

«Labiríntica e demoledora. Unha mirada ao abismo tan desprovista de épica como colmada dunha humanidade trémula, vibrante»

Manu Yáñez, FOTOGRAMAS

Filme subtitulado ao galego co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística



Entrevista con Richard Gere: "Non poder ser líder do mundo se non tes unha sanidade pública"

Por Luis Martínez

Como foi o reencontro con Schrader despois de tantos anos? Paul e máis eu seguimos sendo amigos todo este tempo. É un deses tipos que vive e respira cinema. Non hai nada finxido nel. Sabe o que ten que facer en cada momento cun guión, un actor e un orzamento. E eu considérome igual: un animal de cinema. Rodamos a película en 17 días.

American gigolo (1980) converteuno na estrela que é agora mesmo. Sente que se cumpriron todas as súas expectativas nesta profesión? Nunca planifiquéi algo así como unha carreira. Non sei que é iso. O único que teño claro é que me gusta facer películas. Manteño un entusiasmo infantil pola miña profesión. E con iso abóndame. Sempre confías en traballar con bos directores, con bos actores, con bos guionistas... Pero, en realidade, o máis importante é dar simplemente con boas persoas. E iso cumpriuse.

Nalgún momento declarou que para o seu papel na película inspirouse na morte do seu pai... Si. O meu pai morreu antes de que empezásemos a rodar. Faltáballe un mes para cumprir 101 anos. Utilicei moito a súa imaxe e a miña relación con el para compoñer o personaxe. Ter ao teu pai en cadeira de rodas e lidar co baño diario, coa desorientación... Foi un proceso catártico. En calquera caso, o meu pai era un tipo cariñoso, amable e moi sociable. Moi, moi diferente a Leonard, o meu personaxe, que é un egocéntrico narcisista e moi consciente de si mesmo como artista que é.

Que relación garda cos seus recordos, co que poderíamos chamar o seu legado? Están aí e procuro non vulgar o pasado en absoluto. Ademais, co tempo aprendes a desconfiar da memoria. Hai non tanto vía co meu fillo, que ten 24 anos, unha película de Kurosawa. Eu traballei con el nunha das súas últimas películas en 1991 [Rapsodia en agosto]. O meu fillo preguntoume como era el e o meu recordo é que era algo así como un xigante. Refírome fisicamente. Logo, nunha mudanza, atopei unha foto na que estabamos xuntos. Medía o mesmo que eu, pero na miña memoria era enorme.

A película fala dun momento moi determinado da historia de Estados Unidos no que un home é capaz de desertar do exército polos seus ideais. Diríase que as cousas cambiaron moito e quizá a peor... A película sitúase en 1967. Non me é alleo o que sucede porque entón eu tiña 18 anos. Entón, realizouse o primeiro recrutamento obrigatorio desde a Segunda Guerra Mundial. Moitos coma min podíamos pedir un aprazamento pola Universidade. E así o fixemos. En calquera caso, era impensable para min a posibilidade de ter que matar a alguén. Disparar contra alguén que é un completo estraño? Pero que tolemia é esa! Por iso a posibilidade de fuxir a Canadá sempre estaba aí.

En realidade, preguntáballe pola onda conservadora do seu país tras as eleccións gañadas por Donald Trump. Unha onda que se estende por toda Europa... O curioso é que a maioría destes parvos que gobernan o mundo agora son da miña xeración. Trump pode ser un pouco maior. Pero el ou Orban proveñen dun tempo no que criamos que era posible entre todos facer un mundo mellor e un planeta moito máis habitable. Pero imaxino que para chegar a esta conclusión fai falta un núcleo profundo de sabedoría, de comprensión mínima da realidade, da que esta xente carece. Así que tes a todos estes cretinos poderosos á fronte cunha carencia completa de empatía cara aos demais. Como é posible que non haxa unha sanidade pública se te declaras líder do mundo? Non podes.